INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACION DOS COLEXIOS PROVINCIAIS DE ECONOMISTAS POR FUSIÓN DOS COLEXIOS MERCANTÍS E DE ECONOMISTAS EXISTENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

I.- ANTECEDENTES.-

A solicitude da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e Xustiza emítese por esta Asesoría Xurídica Xeral o informe sobre o anteproxecto de lei de referencia.

II.- OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira.- Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1.a) do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Segunda.- Procedemento

O procedemento de elaboración do anteproxecto iniciouse despois da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Se ben o devandito texto legal regula, nos seus artigos 40 e seguintes, o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, non disciplina o procedemento de elaboración de proxectos de lei.

A nova lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común regula no título VII, de carácter básico, a iniciativa lexislativa e potestade para ditar normas con rango de lei, no obstante a devandita norma segundo a súa disposición final sétima, entrará en vigor ao ano da súa publicación no "Boletín Oficial do Estado"(o 2 de outubro de 2016).

O procedemento de elaboración de proxectos de leis recollese de maneira dispersa en varios textos normativos vixentes.

Así, debe partirse, en primeiro lugar, do disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Conforme ao artigo 6:

> *"1. A elaboración de disposicións de carácter xeral e de anteproxectos de Lei será iniciada polo Centro directivo correspondente, cos estudos e informes previos que garantan a legalidade, acerto e oportunidade daqueles.*
>
> *2.No oportuno expediente de elaboración conservaranse, xunto coa moción, providencia ou proposta de quen teña a iniciativa, da disposición de que se trate, os ditames e as consultas evacuados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da mesma ou poidan facilitar a súa interpretación.*
>
> *3.Non poderá formularse ningunha proposta de nova disposición sen acompañar ao proxecto a táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignen expresamente as anteriores que han de quedar total ou parcialmente derrogadas."*

De acordo co artigo 8:

> *"1.- Os anteproxectos de leis deberán remitirse a todas as Consellerías con dez días de antelación á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, debendo acompañar co anteproxecto o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e aqueloutros que en cada caso sexan preceptivos."*

E de acordo co artigo 16:

> *"Os anteproxectos de Lei sometidos á Xunta de Galicia irán acompañados dunha exposición de motivos, na que se expresarán sucintamente os que deron orixe á súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma. Figurarán como anexos, cando proceda, a relación de disposicións derrogadas ou modificadas e o correspondente estudo económico e financeiro."*

Conforme á Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da Dirección Xeral de Orzamentos. Así, dispón o seu artigo 12:

> *"Un.-A formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custes que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.*
>
> *Dous.-O contido mínimo da memoria económico-financeira será establecido por orde da Consellería de Facenda.*

Tres.-Antes de proceder á súa tramitación, a iniciativa lexislativa, a norma de rango regulamentario e os plans ou programas de actuación, acompañados da correspondente memoria económico-financeira, deberán remitirse á Consellería de Facenda ao obxecto de que a Dirección Xeral de Orzamentos proceda a emitir informe de carácter preceptivo que determine os seus efectos sobre o gasto."

Cómpre indicar que en cumprimento do previsto no apartado dous do precepto transcrito ditouse a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

Ademais e conforme ao disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

Xunto a estas disposicións de aplicación xeral será precisa a observancia, segundo cal sexa á materia concreta obxecto de regulación, do disposto noutros textos normativos como serían o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social (no caso de anteproxectos de Lei sobre materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, correspondendo inicialmente á consellería ou ao departamento competente para elaborar ou tramitar o anteproxecto de lei o axuizamento sobre se este versa ou non sobre tales materias, debendo ter presente neste punto o disposto no Acordo do Consello da Xunta do 18 de febreiro de 1999) ou o artigo 7.1 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia (en relación cos anteproxectos de lei que afecten á competencia ou poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados) ou, para o ámbito concreto dos colexios profesionais, os artigos 9.o) e 26.h) da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co Artigo 9 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia (en vigor dende o 7 de marzo de 2016, logo da orde de inicio do anteproxecto) recolle as obrigas específicas de información de relevancia xurídica, establecendo:

"Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:

a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada.

b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.

c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer."

Poren o anteproxecto de lei que se informa iniciou a súa tramitación antes do 7 de marzo de 2016, e conta no expediente a publicación na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, ao abeiro da lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas practicas administración pública galega (vixente ata o 6 de marzo corrente).

Tendo en conta o exposto, e á vista da documentación achegada pola Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, cómpre indicar o seguinte:

- Achégase a solicitude de fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas por fusión dos Colexios Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma.
- Primeira versión texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa e Ecónomica
- Anuncio de información publica.
- Trámite de audiencia.
- Alegacións recibidas.
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Informe da Secretaria Xeral de Igualdade.
- Certificado de exposición na paxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza.
-Informe sobre as alegacións recibidas.
- Nova versión do borrador do anteproxecto.

Terceira.- Marco competencial e normativo

O Anteproxecto de Lei que nos ocupa ten por obxecto (artigo 1 da norma proxectada), a creación mediante fusión, das organizacións colexiais profesionais de economistas e de titulares mercantís da C.A. de Galicia, creándose os seguintes colexios con ámbito territorial provincial:

- Colexio de Economistas da Coruña, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís da Coruña e do Colexio de Economistas da Coruña
- Colexio de Economistas de Lugo, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Lugo e do Colexio de Economistas de Lugo
- Colexio de Economistas de Ourense, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Ourense e do Colexio de Economistas de Ourense
- Colexio de Economistas de Pontevedra, por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís de Vigo, Colexio de Titulares Mercantís de Pontevedra e Colexio de Economistas de Pontevedra

O artigo 36 da Constitución establece que:

> *"a Lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas. A estrutura interna e o funcionamento dos Colexios deberán ser democráticos."*

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza núm. 20/1988, do 18 de febreiro, sinalou en relación co devandito precepto:

> *"(...) o art. 36 da Constitución non pode ser entendido como norma atributiva de competencia lexislativa ao Estado, pois (...) o sentido deste precepto constitucional non é outro que o de singularizar aos Colexios Profesionais como entes distintos das asociacións que, ao abeiro do art. 22, poidan libremente crearse, remitíndose a norma constitucional á lei para que esta regule as peculiaridades propias do réxime xurídico das organizacións colexiais, co mandato de que a súa estrutura interna e funcionamento haberán de ser en todo caso democráticos. Agora ben, que o art. 36 da Constitución non recoñeza directamente ao Estado competencia normativa para fixar o réximen xurídico dos Colexios Profesionais non significa que aquel careza de todo título habilitante para intervir nesta materia, nin tampouco que o nivel ou grao de competencia estatal sexa só o que resulte dos propios termos de cada un dos Estatutos de Autonomía (...)*

Como ten declarado este Tribunal en anteriores ocasións (SSTC 76/1983, do 5 Ago.; 23/1984, do 20 Feb., e 123/1987, do 15 Xul.), os Colexios Profesionais son corporacións sectoriais que se

constitúen para defender primordialmente os intereses privados dos seus membros, pero que tamén atenden a finalidades de interese público, en razón das cales se configuran legalmente como persoas xurídico-públicas ou Corporacións de Dereito público cuxo orixe, organización e funcións non dependen só da vontade dos asociados, senón tamén, e en primeiro termo, das determinacións obrigatorias do propio lexislador, o cal, polo xeral, lles atribúe así mesmo o exercicio de funcións propias das Administracións territoriais ou permite a estas últimas recabar a colaboración daquelas mediante delegacións expresas de competencias administrativas, o que sitúa a tales Corporacións baixo a dependencia ou tutela das citadas Administracións territoriais titulares das funcións ou competencias exercidas por aquelas.

Trátase dunha lexítima opción lexislativa que non só non contradí o mandato do art. 36 da Constitución, senón que garda unha estreita conexión instrumental co réxime de exercicio das profesións tituladas a que este mesmo precepto constitucional se refire.

Certo é que o carácter de Corporacións públicas dos Colexios Profesionais non logra escurecer a natureza privada dos seus fins e dos seus cometidos principais, polo que, como xa se dixo na STC 123/1987, do 15 Xul., estes entes públicos «realizan unha actividade que en grande parte é privada, aínda que teñan atribuídas pola Lei ou delegadas algunhas funcións públicas». Pero non é menos verdade que a dimensión pública dos entes colexiais, en cuxa virtude, como antes se dixo, están configurados pola Lei baixo formas de personificación xurídico-pública (...), lles equipara sen dúbida ás Administracións públicas de carácter territorial, se ben tal equiparación quede limitada aos sós aspectos organizativos e competenciais nos que se concreta e singulariza a dimensión pública daqueles.

De aí que, na STC 76/1983, do 5 Agosto, este Tribunal declarara que:

> (...) «*corresponde á lexislación estatal fixar os principios e regras básicas a que han de axustar a súa organización e competencias as Corporacións de Dereito público representativas de intereses profesionais*". *E aínda cando en tal declaración non se invocara explícitamente o art. 149.1, 18.ª, da Constitución, e se dixera só que as remisións estatutarias aos preceptos constitucionais alí citados «permite entender que a Lei á que se refire o art. 36 ha de ser estatal en canto á fixación de criterios básicos en materia de organización e competencia» das Corporacións públicas profesionais, é de todo claro que o fundamento constitucional desta lexislación básica estatal non pode atoparse senón no mencionado art. 149. 1, 18.ª, da Constitución. Non*

cabe olvidar, polo demais, que naquela Sentenza este Tribunal dixo de forma expresa, con referencia ás Corporacións de Dereito público representativas de intereses económicos, cuxa analoxía coas Corporacións profesionais non parece dubidosa, que, «aínda que orientadas primordialmente á consecución de fins privados, propios dos membros que as integran, tales Corporacións participan da natureza das Administracións Públicas e, neste sentido, a constitución dos seus órganos, así como a súa actividade nos limitados aspectos nos que realizan funcións administrativas han de entenderse suxeitas ás bases que con respecto ás ditas Corporacións dite o Estado no exercicio das competencias que lle recoñece o art. 149.1, 18.ª, da Constitución». Esta doutrina resulta notoriamente aplicable tamén ás Corporacións de Dereito público representativas de intereses profesionais (...)"

Pola súa banda, a STC 89/1989 destacou (FX 5) que:

" Os Colexios Profesionais, en efecto, constitúen unha típica especie de Corporación, recoñecida polo Estado, dirixida non só á consecución de fins estritamente privados, o que podería conseguirse coa simple asociación, senón esencialmente a garantir que o exercicio da profesión - que constitúe un servizo ao común- - se axuste ás normas ou regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, que, en principio, por outra parte, xa garantiu o Estado coa expedición do titulo habilitante" (...) " E é que ao cumprirse polos Colexios Profesionais outros fins específicos, determinados pola profesión titulada, de indubidable interese público (disciplina profesional, normas deontolóxicas, sancións penais ou administrativas, recursos procesuais, etc.), iso xustifica innegablemente a opción deferida ao lexislador para regular aqueles Colexios e para configuralos como o fai a Lei 2/1974 e as normas complementarias citadas" (FX 7).

A STC 330/1994 (FJ 9) observou que:

"(...) a Constitución non impón no seu art. 36 un único modelo de Colexio profesional. Baixo esta peculiar figura con rasgos asociativos e corporativos poden englobarse polo lexislador estatal, no exercicio da súa competencia para formalizar normas básicas das Administracións públicas ex art. 149.1.18 da Constitución, situacións ben distintas como son as que corresponden ao exercicio de funcións públicas en réxime de monopolio ou de libre concorrencia no mercado como profesión liberal, e con colexiación forzosa ou libre. Do mesmo modo, non ten por que erixirse, nos supostos legais de colexiación voluntaria, unha inexistente obriga constitucional de colexiarse, nun requisito habilitante para o exercicio profesional. E é así mesmo posible que os Colexios profesionais asuman a defensa de actividades profesionais que non configuren, en realidade, profesións tituladas. Todos estes extremos poden ser regulados libremente polo lexislador estatal, desenvolvendo o art. 36, e con cobertura competencial no art. 149.1.18, ambos da Constitución."

A regulación estatal actualmente vixente sobre a materia está contida na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada polas Leis 74/1978, do 26 de decembro; 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de Colexios Profesionais; Reais Decretos-leis 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e de incremento da competencia, e 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

As ditas reformas, ao ir establecendo o carácter básico de determinados preceptos da Lei 2/1974, contribuíron a evitar a inseguridade xurídica que supoñía a regulación da materia mediante unha normativa preconstitucional. Particularmente, cómpre citar as disposicións derradeiras segunda da Lei 7/1997, do 14 de abril, e do Real Decreto Lei 6/2000, do 23 de xuño.

A última e máis importante modificación da Lei 2/1974 foi a operada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta norma, xunto coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, tivo por obxecto traspoñer ao ordenamento interno o disposto na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior- en adiante, Directiva de servizos. A citada Lei 25/2009, no seu artigo 5, modificou catro dos nove artigos que tiña a Lei 2/1974 e engadiu seis artigos máis así como tres disposicións adicionais. Conforme ao previsto na disposición derradeira primeira da Lei 25/2009, o disposto no artigo 5 se dita ao abeiro do artigo 149.1.18.ª e 30.ª da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Confrarías de Pescadores, Cámaras da Propiedade Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.

Conforme ao artigo 3 da Lei Orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transferiuse á Comunidade Autónoma galega, no marco da lexislación básica do Estado, a competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Por Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Colexios Oficiais ou Profesionais, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións da Administración do Estado en relación cos colexios oficiais ou profesionais, cuxo ámbito territorial estea exclusivamente abranguido dentro do territorio propio da Comunidade, reservándose a Administración do Estado as funcións de establecemento das bases do réxime xurídico dos colexios oficiais ou profesionais e de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, conforme ao artigo 149.1.30.ª da Constitución.

A normativa autonómica na materia vén constituída pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. En concreto, o artigo 2 do devandito texto legal dá nova redacción aos artigos 2, 3, ao apartado 1 do artigo 8, aos apartados e) e i) do artigo 9; introduce un novo apartado v) no artigo 9 e introduce como novos preceptos os artigos 10bis, 10ter, 10quater, 10quinques e 10sexies.

Polo que respecta á fusión dos Colexios Profesionais, de acordo co seu artigo 14:

> *1. A constitución dun novo colexio profesional por fusión de dous ou máis colexios ata entón correspondentes a distintas profesións ou actividades profesionais aprobarase por lei da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta dos colexios afectados, de acordo co establecido nos seus respectivos estatutos, logo do informe dos consellos galegos respectivos se estivesen constituídos.*

2. A constitución dun novo colexio profesional pola fusión de dous ou máis deles da mesma profesión ou actividade profesional, sempre que non excedan o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, será acordada polos colexios profesionais afectados, de acordo co establecido nos seus respectivos estatutos, e aprobarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo do informe, se é o caso, do consello galego de colexios respectivo

Pola súa banda, a Lei 30/2011, do 4 de outubro, sobre a creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís), creou o Consello Xeral de Economistas, que representa a todos os Colexios de Economistas así como aos de Titulares Mercantís que ata agora pertencían ao Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, respectivamente.

O dito Consello Xeral de Economistas representará, así mesmo, nos ámbitos estatal e internacional, os intereses dos e das economistas e titulares mercantís, establecéndose no artigo 3.1 da Lei 30/2011 que a unificación dos Colexios de Economistas e dos Colexios Oficiais de Titulares Mercantís, rexerase polo disposto na lexislación estatal ou autonómica aplicable sobre colexios profesionais ás que estean suxeitos, establecéndose tamén no artigo 3.3 da devandita lei que o Consello Xeral de Economistas instará e apoiará aos Colexios de Economistas e aos de Titulares Mercantís para que inicien e desenvolver os seus procesos de unificación.
Segundo a Exposición de Motivos da Lei 30/2011, do 4 de outubro:

"(...) Este novo Consello Xeral servirá de apoio aos procesos de unificación das corporacións colexiais territoriais, de acordo co artigo 4 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, respectando o dereito de colexiarse de quen á entrada en vigor desta Lei tivesen ese dereito en calquera das dúas corporacións colexiais, a de Economistas ou a de Titulares Mercantís , así como poderán colexiarse no futuro quen posúan un título universitario no campo da Economía ou da Empresa.

En todo caso, a creación deste novo Consello Xeral e os procesos de unificación das corporacións colexiais que poidan levarse a cabo en nada afectarán ás funcións profesionais que, no seu caso, tivesen recoñecidas estes titulados.

En consecuencia, e de acordo co previsto na Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, resulta procedente constituír mediante esta lei o correspondente Consello Xeral de Economistas e suprimir o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, así como establecer a bases para impulsar a unificación dos Consellos

Autonómicos e Colexios de Economistas e Titulares Mercantís, de acordo co previsto na normativa autonómica aplicable."

III.- OBSERVACIÓNS AO ARTICULADO

Consideracións xerais.

Neste apartado deberase ter en conta polo órgano promotor da norma a Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa (DOG Núm. 219 Venres, 14 de novembro de 2014).

A lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, recolle no seu artigo 37 unha serie de instrumentos para a mellora da calidade normativa entre os cales se encontra a aprobación polo Consello da Xunta dunhas directrices de técnica normativa que, carecendo do valor das normas xurídicas, proporcionen criterios técnicos ou pautas de redacción na elaboración de anteproxectos de lei, proxectos de decreto lexislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral.

As Directrices de técnica normativa en cumprimento dese mandato legal teñen como obxectivo fundamental lograr un maior grao de achegamento ao principio constitucional de seguridade xurídica mediante a mellora da calidade técnica e lingüística das normas de orixe gobernamental. Neste sentido, o propio Tribunal Constitucional conectou a seguridade xurídica coa técnica normativa, ao afirmar que «non se pode subestimar a importancia que para a certeza do dereito e a seguridade xurídica ten o emprego dunha depurada técnica xurídica no proceso de elaboración das normas» e que «unha lexislación confusa, escura e incompleta, dificulta a súa aplicación e, ademais de socavar a certeza do dereito e a confianza da cidadanía nel, pode terminar por embazar o valor da xustiza» (STC 150/1990, do 4 de outubro).

Non se fan observacións ao articulado e á parte final do anteproxecto por acomodarse ás Directrices de técnica normativa citadas máis arriba.

É todo canto se informa sobre o Anteproxecto Lei de creación dos Colexios Provinciais de Economistas pr Fusión dos Colexios Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma De Galicia, sen prexuízo doutro mellor criterio fundado en Dereito.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016.

A letrada da Xunta de Galicia- Xefa de gabinete de Estudos e Dereito Comunitario

Patricia Iglesias Rey



ANEXO: TEXTO DO ANTEPROXECTO INFORMADO

Anteproxecto de Lei /2016 , de de , de creación dos Colexios provinciais de Economistas por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución Española, a Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á comunidade autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e

profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumiuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou en virtude da devandita competencia a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 14 a constitución dun novo colexio profesional por fusión de dous ou mais colexios correspondentes a distintas profesións, farase por lei do Parlamento galego.

Pola súa banda, a Lei 30/2011, do 4 de outubro , sobre a creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís), creou o Consello Xeral de Economistas, que representa a todos os Colexios de Economistas así como aos de Titulares Mercantís que ata agora pertencían ao Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e ao Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de España, respectivamente.

O dito Consello Xeral de Economistas representará, así mesmo, nos ámbitos estatal e internacional, os intereses dos e das economistas e titulares mercantís, estableceéndose no artigo 3.1 da Lei 30/2011 que a unificación dos Colexios de Economistas e dos Colexios Oficiais de Titulares Mercantís, rexerase polo disposto na lexislación estatal ou autonómica aplicable sobre colexios profesionais ás que estean suxeitos, estableceéndose tamén no artigo 3.3 da devandita lei que o Consello Xeral de Economistas instará e apoiará aos Colexios de Economistas e aos de Titulares Mercantís para que inicien e desenvolver os seus procesos de unificación.

Neste contexto, solicitouse polos respectivos colexios de Economistas e de Titulares Mercantís existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, a fusión de ambas corporacións a nivel provincial, mediante a creacións de catro colexios provinciais de Economistas, mantendo o Consello Galego de Economistas a súa personalidade xurídica e asumindo as funcións de representación dos colexios resultantes da fusión.

As razóns que xustifican esta unificación baséanse en criterios de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos que deben cumprir como corporacións de dereito público, tanto en relación coa defensa dos intereses das persoas colexiadas como das persoas consumidoras e usuarias, á vez que favorece a interlocución coas administracións públicas, co sector empresarial e coa sociedade no seu conxunto, promovendo unha mellor ordenación das actividades de servizos e o desenvolvemento da economía en xeral .
En consecuencia, de acordo co disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro , de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese mediante esta Lei á creación de catro colexios provinciais de Economistas, por fusión das organizacións colexiais profesionais de Economistas e de Titulares Mercantís da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei consta dunha exposición de motivos, cinco artigos relativos a: creación e ámbito territorial, ámbito persoal, relacións co goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, e uso do galego, catro disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Artigo 1. *Creación e ámbito territorial*

1. Mediante fusión das organizacións colexiais profesionais de economistas e de titulares mercantís da C.A. de Galicia, créanse os seguintes colexios con ámbito territorial provincial:
    - Colexio de Economistas da Coruña, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís da Coruña e do Colexio de Economistas da Coruña
    - Colexio de Economistas de Lugo, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Lugo e do Colexio de Economistas de Lugo
    - Colexio de Economistas de Ourense, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Ourense e do Colexio de Economistas de Ourense
    - Colexio de Economistas de Pontevedra, por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís de Vigo, Colexio de Titulares Mercantís de Pontevedra e Colexio de Economistas de Pontevedra
2. Os Colexios resultantes da fusión, como corporacións de dereito público, terán personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins con arranxo á lei, e exercerán as súas funcións dentro do ámbito territorial de cada unha das provincias correspondente á súa denominación.

Artigo 2. *Ámbito persoal*

1. Os Colexios de Economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra creados por fusión, estarán integrados por todas as persoas colexiadas pertencentes a os colexios fusionados, así como polas que con posterioridade sexan incorporados ao correspondente colexio, por reunir os requisitos esixidos para a súa colexiación e dispoñan da titulación que lles permitise colexiarse en calquera das dúas organizacións colexiais que se unifican, a de Economistas ou a de Titulares Mercantís.

2. Poderán ser colexiados e colexiadas:

a) Ademais dos titulados comprendidos no Real decreto 871/1977, do 26 de abril, os licenciados en Economía, en Administración e Dirección de Empresas, Licenciados ou Diplomados en Ciencias Empresariais, Licenciados en Ciencias Actuariais e Financeiras e Licenciados en Investigación e Técnicas de Mercado.
b) Os que pola adecuación dos estudos universitarios ao novo Espazo Europeo de Educación Superior, teñan a titulación de grao ou master, e cumpran os requisitos recollidos no artigo 9 e seguintes do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Tamén poderán colexiarse no futuro aqueles que posúan calquera outro título universitario no campo da Economía ou a Empresa.
c) Todos os colexiados terán os mesmos dereitos e obrigas colexiais, sen prexuízo do establecido nas normas reguladoras das distintas profesións.

Artigo 3. *Relacións co Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Os Colexios de Economistas e o Consello Galego de Colexios de Economistas da Comunidade Autónoma de Galicia, relacionarase coa Administración autonómica a través da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de colexios profesionais e no relativo ao contido da profesión coas consellerías competentes por por razón da actividade profesional.

Artigo 4. *Uso do galego nas comunicacións*

Os Colexios e o Consello Galego de Colexios de Economistas, procurarán e fomentarán o uso do galego en todas as súas comunicacións, tanto internas como externas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación de normalización lingüística.

Disposicións transitorias

Primeira. *Comisión xestora.*

1. A fusión aprobada polas asembleas dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas a nivel provincial, rexerase polos acordos adoptados polas respectivas Asembleas Xerais dos colexios promotores da fusión, protocolizados en escrituras públicas, nos que se designa unha Comisión Xestora formada por nove membros, nomeados un por cada un dos colexios obxecto de fusión.
2. Na designación das persoas integrantes da comisión xestora procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes
3. A Comisión Xestora exercerá as funcións de impulso e coordinación do proceso de unificación nas catro provincias, garantindo que se realice de forma paralela e simultánea, asumindo as funcións das comisións de tramitación constituídas a nivel provincial no caso de que estas non acadasen a materialización dos acordos adoptados.
4. A Comisión Xestora actuará como un órgano colexiado, tomando as súas decisións por maioría de dous terzos
5. A Comisión Xestora no prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei, presentará os estatutos provisionais para cada un dos Colexios resultantes da fusión, nos que se regulará a composición e funcionamento da asemblea colexial constituínte e a forma de designación dos órganos de goberno e as súas funcións. Os estatutos provisionais remitiranse á Consellería da Xunta de Galicia, competente a efectos de verificar a súa adecuación á legalidade e ordenar, no seu caso, a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda. *Constitución dos Colexios de Economistas*

1. No prazo de dous meses desde a publicación dos estatutos provisionais, convocaranse as asembleas constituíntes dos catro colexios resultantes da fusión, nas que se procederá á aprobación dos estatutos definitivos e á elección dos membros dos respectivos órganos de goberno de cada un dos colexios.
2. Os Colexios de Economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra quedarán formalmente constituídos e adquirirán personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constitúan os seus respectivos órganos de goberno momento en que quedarán disoltos os colexios promotores da fusión.
3. Os estatutos definitivos, xunto coa certificación do acta da reunión das correspondentes asembleas constituíntes, serán presentados ante a Consellería competente en materia de colexios profesionais, para a verificación da súa legalidade, aprobación definitiva e inscrición no rexistro de colexios, de conformidade co disposto no art. 18 da Lei 11/2001, de colexios profesionais da C.A. de Galicia.

Terceira. *Subrogación.*

Os colexios resultantes da fusión se subrogan en todos os dereitos e obrigas dos colexios promotores da fusión.

Cuarta. *Consello Galego de Colexios de Economistas*
Unha vez constituídos formalmente os novos Colexios de Economistas da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, integraranse no Consello Galego de Colexios de Economistas

O Consello Galego de Colexios de Economistas, creado por Decreto 89/2008, do 17 de abril, no prazo de 6 meses desde a toma de posesión dos órganos de goberno dos colexios provinciais, procederá á modificación dos seus estatutos e da composición da súa Xunta de Goberno, ao obxecto de adaptarse á nova estrutura colexial

Disposición final. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial de Galicia .